

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A ORGANIZACIÓN DO SEGUNDO DIPLOMA DE EXPERTO/A DE AVALIACIÓN PARA OS SERVIZOS SANITARIOS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade, **DECLARA:**

Que a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e a Universidade de Santiago de Compostela asinaron o 30.10.2025 o convenio arriba referido. O convenio terá unha vixencia de un (1) ano, que empezará a contar o día seguinte á sinatura. O "*II Curso de Experto Universitario en Avaliación para os Servizos Sanitarios*" terá que realizarse durante o período de vixencia do convenio.

Este convenio é prorrogable de común acordo, cando as circunstancias do cumprimento do seu obxecto o aconsellen, con sinatura da prórroga por ambas partes, por un período de ata catro (4) anos adicionais como máximo, de acordo co establecido no artigo 49 h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Que o instrumento convencional ten por obxecto O obxecto do presente convenio é regular as bases de cooperación entre as partes para impartir o seguinte curso de Estudos Propios (contidos descritos de forma global no anexo I do texto do convenio asinado):

- Diploma de Experto/a Universitario en Avaliación para os Servizos Sanitarios (20 créditos ECTS)

Que o convenio fundaméntase no seguinte:

Mediante o Decreto 112/2015, do 31 de xullo, créase a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS) e apróbanse os seus estatutos. A posta en funcionamento efectivo da Axencia tivo lugar o 1 de xaneiro de 2016, coa entrada en vigor dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Entre os obxectivos estratéxicos da ACIS están o de elaborar a planificación en materia de docencia, formación, investigación, innovación e avaliación de tecnoloxías e servizos sanitarios, en función dos criterios e obxectivos de planificación estratéxica definidos polo Servizo Galego de Saúde e pola Consellería de Sanidade e o de xestionar o coñecemento no sistema público de saúde de Galicia.

Segundo o artigo 42 dos seus estatutos, para o cumprimento dos seus obxectivos ACIS poderá contar, entre outros, con recursos procedentes de achegas voluntarias, doazóns, herdanzas, legados e demais achegas a título gratuito de entidades privadas e de particulares.

Este convenio rexerese pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas e pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e pola lexislación sobre a materia obxecto do mesmo.

A USC dispón dun regulamento de Estudos Propios e Formación Permanente, aprobado polo Consello de Goberno da USC na sesión ordinaria celebrada o 25 de febreiro de Mediante o Decreto 112/2015, do 31 de xullo, créase a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS) e apróbanse os seus estatutos. A posta en funcionamento efectivo da Axencia tivo lugar o 1 de xaneiro de 2016, coa entrada en vigor dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Entre os obxectivos estratéxicos da ACIS están o de elaborar a planificación en materia de docencia, formación, investigación, innovación e avaliación de tecnoloxías e servizos sanitarios, en función dos criterios e obxectivos de planificación estratéxica definidos polo Servizo Galego de Saúde e pola Consellería de Sanidade e o de xestionar o coñecemento no sistema público de saúde de Galicia.

Segundo o artigo 42 dos seus estatutos, para o cumprimento dos seus obxectivos ACIS poderá contar, entre outros, con recursos procedentes de achegas voluntarias, doazóns, herdanzas, legados e demais achegas a título gratuito de entidades privadas e de particulares.

Este convenio rexerese pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas e pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e pola lexislación sobre a materia obxecto do mesmo.

De conformidade co disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, o presente convenio de colaboración está excluído do ámbito de aplicación desta lei.

A USC dispón dun Regulamento de Estudos Propios e Formación Permanente, aprobado polo Consello de Goberno da USC na sesión ordinaria celebrada o 25 de febreiro de 2021, no que entidades externas poden solicitar a colaboración para ofertar formación especializada.

No primeiro semestre de 2025 desenvolveuse a primeira edición do curso de Experto de Avaliación para os Servizos Sanitarios, coa formación de 30 persoas que desenvolven o seu traballo nas áreas sanitarias (12), nos servizos centrais do Servizo Galego de Saúde (8), na Dirección Xeral de Saúde Pública (3), na Dirección Xeral de Planificación e Reforma Sanitaria (4) e na ACIS (3).



A valoración do curso por ambas partes foi positivo polo que se considerou de mutuo interese seguir con esta colaboración no ámbito formativo co obxecto de desenvolver a segunda edición do Curso de Avaliación para os Servizos Sanitarios.

O curso abarca os mesmos contidos que a primeira edición, pero a orde dos módulos revisarase.

Os temas do curso están relacionados coa investigación, desenvolvemento e regulación de tecnoloxías sanitarias; o papel da avaliación de tecnoloxías como ferramenta de apoio á toma de decisión; a metodoloxía empregada na avaliación de tecnoloxías sanitarias; aos sistemas de información en saúde; a incorporación da sociedade á avaliación de tecnoloxías sanitarias; e, por último, aos retos actuais en avaliación de tecnoloxías sanitarias, para que os profesionais da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde adquiren unha formación especializada en avaliación de tecnoloxías sanitarias dirixida a toma de decisións dentro do ámbito autonómico.

Planificouse, neste marco de colaboración, a organización da segunda edición da actividade formativa "AVALIACIÓN PARA OS SERVIZOS SANITARIOS", de 200 horas de duración en formato online na plataforma da USC, complementada con algunha actividade de modalidade híbrida. A formación dirixese de xeito específico a persoas que desenvolvan a súa actividade profesional na Consellería de Sanidade e no Servizo Galego de Saúde así como nas entidades do sector público autonómico dependentes ou adscritas a ditos organismos. De xeito amplo a formación está orientada a profesionais sanitarios que desenvolvan a súa práctica clínica no Sistema Nacional de Saúde, persoas adicadas á xestión sanitaria e licenciados universitarios con interese na avaliación de tecnoloxías de sanitarias. O obxectivo xeral da actividade será coñecer o marco legal, clínico e organizativo no que se desenvolve a Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias en España e Europa e coñecer a metodoloxía empregada na Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias.

A USC asumiu deste xeito o compromiso de organizar e xestionar a actividade descrita e a ACIS comprometeuse a financiar a matrícula do curso de 20 persoas. Ademais, a ACIS comprometeuse a financiar a matrícula de 20 persoas adicionais, no caso de que fose necesario para garantir a viabilidade do curso.

O custe do curso ascende a corenta e nove mil euros (49.000,00 €).

Para a realización do convenio a ACIS realiza unha achega de 28.000,00 €, que financia os gastos de matrícula de 20 alumnos/as que serán propostos pola propia ACIS.

Este importe financiase con cargo á aplicación orzamentaria 12A1-413A-640.02, onde existe crédito orzamentario suficiente e axeitado.

Para garantir a viabilidade económica do curso, no caso de que non se producisen matriculacións externas de alumnado suficientes para cubrir o custe total do curso, a ACIS colaboraría cunha achega extraordinaria de ata 21.000,00 euros, que financiaría o importe que fose necesario para



cubrir os custes totais do curso. Esta cantidade irá con cargo a aplicación orzamentaria 12A1-413A-640.02, onde existe crédito orzamentario suficiente e axeitado.

En calquera dos casos, o alumnado proposto, que deberá reunir os requisitos de acceso ao curso, deberá achegar no momento da matrícula o formulario de autorización para que a entidade colaboradora formalice o pago do importe da matrícula, incluído o pago correspondente ao seguro obrigatorio.

Este financiamento non cobre os custos dos prezos públicos por expedición do Diploma de Experto/a, que deberán aboarse por cada unha das persoas matriculadas, unha vez superado o curso.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non podían satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago,

